



Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15005257	IES RAMÓN MENENDEZ PIDAL	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
15005257	CICLO SUPERIOR XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS

Módulo profesional

Código	Nome
MP0927	XESTIÓN DE PRODUTOS E PROMOCIÓN NO PUNTO DE VENDA

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
XERAL-ORDINARIO	PRESENCIAL	

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
María José Armesto Fernández

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
	Dado que se trata de 2º curso os módulos xa están impartidos e non procede a súa avaliación			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os **MÍNIMOS EXIXIBLES** para alcanzar a avaliación positiva serán:

UF1: Implantación de produtos.

BC1. Determinación da dimensión da variedade de produtos.

- Clasificación de produtos por familias, gamas, categorías, colocación, acondicionamento e codificación.
- Estrutura da variedade de produtos.
- Obxectivos, criterios de clasificación e tipoloxía da variedade de produtos.
- Métodos de determinación da variedade de produtos.
- Amplitude, largura e profundidade da variedade de produtos.
- Coherencia da variedade de produtos.
- Elección de referencias.
- Número máximo, mínimo e normal de referencias.
- Limiar de supresión de referencias.
- Programas informáticos de xestión da variedade de produtos.

BC2. Determinación do procedemento de implantación da variedade de produtos ou servizos nos lineais.

- O lineal: definición e funcións.
- Zonas e niveis do lineal.
- Sistemas de repartición e de reposición do lineal.
- Tipos de exposicións do lineal.
- Lineal óptimo.
- Tempos de exposición.
- Disposición de artigos na fachada dos andeis (*facings*). Regras de implantación.
- Aplicacións informáticas de optimización de lineais.
- Organización dos recursos humanos en operacións relativas aos lineais.

BC3. Cálculo da rendibilidade da implantación da variedade de produtos.

- Instrumentos de control cuantitativos e cualitativos.
- Parámetros de xestión por categorías: marxe bruta, cifra de facturación, beneficio bruto, índices de circulación, atracción, compra, etc.
- Rendibilidade directa do produto.
- Análise de resultados e presentación de informes.
- Medidas correctoras: supresión e introdución de referencias.
- Follas de cálculo.



Unidade formativa 2: Accións promocionais en espazos comerciais.

BC1. Deseño das accións promocionais no punto de venda.

- Comunicación comercial.
- Publicidade e promoción.
- Márketing directo.
- Público obxectivo.
- Promocións de fabricante e de distribuidor/ora.
- Promocións dirixidas aos/ás consumidores/as.
- Animación de puntos quentes e fríos.
- Indicadores visuais.
- Produtos gancho e produtos estrela.
- Publicidade no lugar de venda (PLV).
- Tipos de elementos de publicidade: *stoppers*, pancartas, pantallas, carteis, etc.

BC2. Determinación dos procedementos de selección e formación do persoal de promoción no punto de venda.

- Perfil do persoal de promocións comerciais.
- Tipoloxía da clientela.
- Formación de persoal de promocións comerciais.
- Normativa de seguridade e prevención de riscos laborais no punto de venda.
- Técnicas de manipulación de produtos.
- Técnicas de liderado e de traballo en equipo.

BC3. Control da eficiencia das accións promocionais.

- Criterios de control das accións promocionais.
- Índices e ratios económico-financeiras: marxe bruta, taxa de marca, existencias medias, rotación das existencias, rendibilidade bruta, etc. Análise de resultados. Auditorías de márketing. Análise da promoción na web.
- Ratios de control de eficacia de accións promocionais: ratios xerais das accións promocionais, do lineal, de márketing e das promocións.
- Análise das desviacións. Aplicación de medidas correctoras.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final reflectirá a evolución do alumnado ao longo do curso. En cada unha das avaliacións, a cualificación obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos:

EXAME ESCRITO (60%): realizarase como mínimo un exame por avaliación. Dito exame versará sobre contidos de carácter teórico-práctico desenvolvidos na clase. Estará composto por cuestións de resposta múltiple e por outras cuestións que amosen a madurez académica do/a alumno/a, obrigado a desenvolver capacidades de expresión e razoamento escrito dos coñecementos que posúe. Tanto as instrucións para o desenvolvemento do exame coma a valoración individual de cada unha das cuestións serán indicadas de forma expresa no enunciado. Nas respostas valorarase: a corrección das respostas, a presentación estética axeitada, incluíndo ortografía e caligrafía e a coherencia interna do discurso.



A cualificación de cada exame será de 10 puntos, sendo prorateada a media aritmética dos exames realizados en cada avaliación polo 60%. Será preciso recuperar os exames nos que a nota obtida sexa inferior a 3. Ademais, para que se entenda como superada esta parte cómpre que a prorrata proporcione un resultado, ao menos, do 30%, o que numericamente representaría un 5 sobre 10. Non se realizará media das partes se non se acada esta porcentaxe.

A utilización probada de métodos fraudulentos durante o exame, escritos ou en soporte dixital e electrónico, implica a expulsión automática do alumno ou alumna da aula, e a calificación do mesmo cun 0. O alumno poderá realizar as restantes probas escritas, pero deberá recuperar o exame en cuestión.

As probas de recuperación dunha avaliación levaranse a cabo na seguinte avaliación, e será unha mesma data para recuperar todas as unidades non superadas. Á recuperación poderán presentarse aqueles alumnos que teñan suspendido e aqueles que queiran subir nota. No caso de subir nota, a que se obteña na recuperación será a nota final.

TRABALLO DIARIO DESENVOLVIDO (40%): en cada unha das avaliacións parciais será tido en conta o traballo desenvolvido polo alumnado. Deste xeito, periodicamente solicitarase a realización e entrega de tarefas, ben de xeito individual ou en pequenos grupos. Este apartado abrangue tarefas como as seguintes: a realización de pequenos traballos de investigación, resumos, comentarios, casos prácticos, problemas, a realización de exposicións facendo uso das TIC, a realización de lecturas comentadas relacionadas cos contidos do curso ou con novas de actualidade relacionadas.

Os aspectos susceptibles de seren valorados son os seguintes: a puntualidade na entrega, a corrección dos contidos, o cumprimento das pautas marcadas, a redacción elaborada polo propio alumnado e a coherencia interna do discurso.

A valoración destas actividades poderá ser numérica ou non. No caso de que sexa numérica, será comunicada dita valoración ao alumnado, e incluírase dentro do cómputo dos 4 puntos. As que non leven nota numérica asociada, computarán dentro da prorrata restante entre tarefas totais solicitadas e tarefas totais entregadas polo/a alumno/a. Para que se entenda superada esta parte cómpre que a prorrata proporcione un resultado, ao menos, do 20%. Non se realizará media das partes se non se acada esta porcentaxe.

A cualificación de cada avaliación obterase a partir da suma das cualificacións parciais obtidas nas dúas partes comentadas anteriormente. Será necesaria unha nota global de 5 ou superior para que os contidos da devandita avaliación se consideren alcanzados.

O alumnado que supere todas as avaliacións terá o módulo formativo superado.



O alumnado que teña algunha avaliación pendente de superar:

Deberá realizar durante a terceira avaliación **exercicios de recuperación das avaliacións non superadas**, que serán individualizados para cada caso. Entenderemos que o alumnado acadou as competencias necesarias para superar o módulo se alcanza unha nota igual ou superior a 5 nas devanditas actividades de recuperación.

As actividades a realizar serán: exercicios teóricos sobre os contidos do módulo, casos prácticos, exercicios prácticos e problemas, pequenos traballos de investigación, lecturas comentadas relacionadas cos contidos do curso ou con novas de actualidade relacionadas, presentacións utilizando recursos TIC, resumos...etc.

Os aspectos que se valorarán serán: o cumprimento das pautas marcadas, a puntualidade na entrega, que a redacción fora realizada polo alumnado, a coherencia interna do discurso e a corrección do documento tanto en normas ortográficas, na presentación adecuada do documento (marxes, tipo de letra....etc) como nos contidos. Dado que se trata dun proceso de avaliación continua, terase en conta a evolución positiva e a constancia no traballo realizado manifestadas ao longo do curso.

A valoración destas actividades poderá ser numérica ou non. No caso de que sexa numérica, será comunicada ao alumnado a puntuación máxima da actividade e a puntuación que obtén o alumno. As actividades que non leven nota numérica asociada, computarán dentro da prorrata restante entre tarefas totais solicitadas e tarefas totais entregadas polo alumnado. Será necesario obter unha puntuación mínima de cinco para aprobar.

No caso de que o resultado das actividades de recuperación non sexa satisfactorio ou ben o alumnado non realice ditas tarefas, procederase a realizar un **exame**. Ese exame, será realizado de forma presencial ou telemáticamente, dependendo do que aconselle a situación sanitaria. O contido do exame serán exercicios prácticos e teóricos sobre os contidos vistos na aula durante as dúas primeiras avaliacións. Para superar o módulo o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a 5 no exame.

O alumnado con perda do dereito a avaliación continua deberá realizar o exame final ao que teñen dereito. Ese exame, será realizado de forma presencial ou telemáticamente, dependendo do que aconselle a situación sanitaria. O contido do exame serán exercicios prácticos e teóricos sobre os contidos vistos na aula durante as dúas primeiras avaliacións. Para superar o módulo o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a 5 no exame.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	Determinación da dimensión da variedade de produtos			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Determina a dimensión da variedade de produtos, definindo a colocación estratéxica para conseguir a xestión óptima do establecemento 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.1 - Elixíuse a variedade de produtos de acordo coa información comercial dispoñible 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.2 - Utilizáronse aplicacións informáticas de xestión comercial na análise da variedade de produtos 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.3 - Calculáronse os coeficientes de ocupación do solo e do espazo para determinar a densidade comercial mediante follas de cálculo informáticas 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.4 - Distribuíronse os metros lineais do establecemento entre cada familia de produtos e/ou servizos, utilizando programas informáticos 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.5 - Segmentouse a variedade de produtos en familias e servizos segundo obxectivos comerciais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.6 - Aplicáronse métodos de cálculo da dimensión da variedade de produtos para asegurar a rendibilidade do punto de venda 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.7 - Determinouse o número de referencias de cada familia de produtos e servizos segundo obxectivos comerciais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.7 - Determinouse o número de referencias de cada familia de produtos e servizos segundo obxectivos comerciais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)



Nº		Unidade didáctica		
2		Determinación do procedemento de implantación da variedade de produtos ou servizos nos lineais		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Determina o procedemento de implantación da variedade de produtos nos lineais segundo criterios comerciais, optimizando as operacións de mantemento e reposición 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.1 - Establecéronse os niveis de exposición do lineal, atendendo ao seu valor comercial 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.2 - Asignáronse as referencias da variedade de produtos ao lineal en función dos plans de venda 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.3 - Calculouse o número óptimo de unidades dispostas na fachada dos andeis (facings) para cada referencia segundo criterios comerciais e de organización 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.4 - Utilizáronse aplicacións informáticas para a optimización do lineal 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.5 - Determinouse o sistema de organización dos recursos humanos e materiais necesarios nas operacións de colocación, reposición e mantemento dos lineais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.6 - Calculouse o número de traballadores/as que se precisa en cada sección ou actividade en función do tempo de implantación dos produtos 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.7 - Elaboráronse instrucións claras e precisas de colocación, reposición e mantemento dos lineais para llas transmitir ao equipo humano 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.8 - Programouse e organizouse a reposición de produtos, asegurando a súa presenza continua no lineal 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)



Nº		Unidade didáctica		
3		Cálculo da rendibilidade da implantación da variedade de produtos		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> RA3 - Calcula a rendibilidade da implantación da variedade de produtos, analizando e corrixindo as posibles desviacións sobre os obxectivos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> CA3.1 - Calculouse o rendemento da superficie de venda, utilizando follas de cálculo informática 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.2 - Utilizáronse os instrumentos cualitativos e cuantitativos, así como os parámetros de xestión e calidade, para valorar de xeito periódico a implantación dos produtos 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.3 - Calculouse a eficacia financeira dunha familia de produtos mediante o uso de follas de cálculo informática 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.4 - Definíronse os parámetros que implican a supresión dunha referencia da variedade de produtos 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.5 - Definíronse as variables e os sistemas ou criterios de calidade necesarios para introducir novas referencias na variedade de produtos 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.6 - Calculouse a rendibilidade das políticas de merchandising mediante a aplicación informática axeitada 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.7 - Realizáronse informes que reflectan os resultados e as conclusións sobre a rendibilidade das políticas de merchandising aplicadas 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)



Nº		Unidade didáctica		
4		Deseño das accións promocionais no punto de venda		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Deseña accións promocionais no punto de venda, aplicando técnicas de merchandising axeitadas 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.1 - Identificáronse e organizáronse as accións de merchandising ou márketing directo adecuadas ao tipo de promoción definido no plan de márketing 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.2 - Utilizáronse aplicacións informáticas na organización e na planificación das accións promocionais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.3 - Calculouse o orzamento necesario para levar a cabo a acción promocional 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.4 - Definiuse a forma e o contido da mensaxe promocional, consonte o plan de vendas ou promoción 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.5 - Seleccionáronse os materiais e os soportes comerciais necesarios para as accións promocionais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.6 - Identificáronse os lugares máis idóneos para situar as promocións, de maneira que forcen o percorrido da clientela pola maior parte do establecemento 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.7 - Realizáronse e colocáronse os indicadores visuais necesarios que dirixan a clientela cara ás zonas promocionais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.8 - Simuláronse accións de información e atención á clientela durante a acción promocional, cumprindo os requisitos de amabilidade, claridade e precisión 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)



Nº		Unidade didáctica		
5		Determinación dos procedementos de selección e formación do persoal		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Determina os procedementos de selección e formación do persoal de promoción no punto de venda, definindo o perfil da persoa candidata e as accións formativas segundo o orzamento dispoñible 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.1 - Definiuse o perfil do persoal de promoción necesario para desenvolver as diferentes accións promocionais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.2 - Determináronse as accións formativas adecuadas ao persoal de promoción, en función das características do produto e aplicando técnicas de liderado e traballo en equipo 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.3 - Identificáronse os tipos de clientela, para lle proporcionar a atención e a información axeitadas durante a acción promocional 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.4 - Seleccionáronse as instrucións que cumpra transmitirle de xeito claro e preciso ao persoal encargado de realizar as accións promocionais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.5 - Analizouse a normativa de seguridade e prevención de riscos laborais, para garantir o seu cumprimento durante a realización das accións promocionais 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)



Nº		Unidade didáctica		
6		Control da eficiencia das accións promocionais		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> RA3 - Controla a eficiencia das accións promocionais, adoptando medidas que melloren a xestión da actividade 	<ul style="list-style-type: none"> CA3.1 - Establecéronse procedementos de control que permitan detectar desviacións respecto aos obxectivos 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.2 - Elaboráronse tests e enquisas de valoración das campañas promocionais que permitan obter información sobre a súa rendibilidade e a súa eficacia 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.3 - Calculáronse as razóns de control das campañas promocionais mediante programas específicos ou xenéricos de xestión 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.4 - Detectáronse as desviacións producidas respecto aos obxectivos comerciais planificados 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)
			<ul style="list-style-type: none"> CA3.5 - Propuxéronse as medidas correctoras máis eficaces sobre as desviacións detectadas 	Proba escrita (exercicios entregados online ou exame)



6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación que se realizarán terán en conta a situación de cada alumno de forma individualizada, así como as competencias que debe mellorar en cada caso. Debido á situación extraordinaria polo COVID-19 no se imparten clases presenciais de recuperación se non que se fará un seguemento persoalzado ao alumnado con módulos no superados. Tendo en conta as circunstancias que influíron no resultado negativo establécense novas datas de presentación de tarefas co acompañamento virtual aos alumnos na realización das diversas actividades relacionadas cos resultados de aprendizaxe non superados.

- **As actividades a realizar serán:** exercicios teóricos sobre os contidos do módulo, casos prácticos, exercicios prácticos e problemas, pequenos traballos de investigación, lecturas comentadas relacionadas cos contidos do curso ou con novas de actualidade relacionadas, presentacións utilizando recursos TIC, resumos...etc.

As actividades de recuperación serán realizadas polo alumnado ou ben a ordenador ou ben manuscritas e serán remitidas pola canle que se determine en cada caso (correo electrónico, aula virtual...etc.). Se a situación sanitaria o permite e se reanudan as clases, poderán facerse actividades de recuperación presenciais no centro educativo.

- **Os aspectos que se valorarán serán:** o cumprimento das pautas marcadas, a puntualidade na entrega, que a redacción fora realizada polo alumnado, a coherencia interna do discurso e a corrección do documento tanto en normas ortográficas, na presentación adecuada do documento (marxes, tipo de letra....etc) como nos contidos. Dado que se trata dun proceso de avaliación continua, terase en conta a evolución positiva e a constancia no traballo realizado manifestadas ao longo do curso.
- **A valoración destas actividades** poderá ser numérica ou non. No caso de que sexa numérica, será comunicada ao alumnado a puntuación máxima da actividade e a puntuación que obtén o alumno. As actividades que non leven nota numérica asociada, computarán dentro da prorrata restante entre tarefas totais solicitadas e tarefas totais entregadas polo alumnado.
- Aquel alumnado que non realice as actividades de recuperación programadas ou que as realice de forma incorrecta ou insuficiente, poderá presentarse a un **exame**, que será presencial no centro ou telemático, dependendo do que aconsellen as circunstancias sanitarias. Existirán diversas probas en función das partes do módulo a recuperar. É dicir, poderanse presentar alumnos con algunha avaliación suspensa ou co curso completo.

--PROCEDEMENTO PARA O ALUMNADO CO MÓDULO PENDENTE DO CURSO ACADÉMICO PASADO--

Para aquel alumnado que ten pendente o módulo do pasado curso académico, establecerase ao inicio do curso unha planificación sobre o procedemento a recuperar: exames parciais e titorías para a resolución de dúbidas.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado con faltas de asistencia que superen o 10% da horas do módulo perderá o dereito á avaliación continua. Estes alumnos poderán asistir a clase, aínda que profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos/as que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou ás instalacións.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, aceptación que será acorde co establecido na normativa do Departamento.

A este respecto, e para informar ao alumnado, o centro enviará un apercibimento ao alumno/a cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumula un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia acaden a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

A partires do decreto do estado de alarma o día 14 de marzo, e dado que se suspenden as clases presenciais non se continuará co cómputo das faltas de asistencia e faremos un seguimento dos alumnos vía telemática.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua non será avaliado de forma parcial e verase na obriga de realizar a proba extraordinaria de xuño. Dita proba versará sobre os contidos estudados ao longo do curso. Formularanse cuestións teóricas e de aplicación, casos prácticos e problemas. Para a superación do módulo será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5. Esta proba será realizada de forma presencial ou se as circunstancias sanitarias así o aconsellan será realizada de forma telemática.

8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación permite, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, permite promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento darase un apoio educativo personalizado, determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar os contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

Os alumnos que requiran determinados apoios e atencións educativas por padecer **discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais** ou por manifestar **graves trastornos de personalidade ou conduta** terán unha atención especializada coa finalidade de conseguir a súa integración. Nestes casos será fundamental a colaboración e o apoio do Departamento de Orientación.

Para aqueles alumnos que necesiten apoio educativo, como é o caso do **alumnado que non supere algunha avaliación**, facilitaráselle actividades de reforzo de distinto grao de dificultade.

Co propósito de dar unha resposta educativa aos alumnos con **altas capacidades intelectuais**, estableceranse actividades de ampliación curricular.

Dada a situación excepcional vivida no terceiro trimestre e a imposibilidade de impartir clases presenciais, prestarase especial atención a coñecer a situación persoal de cada alumno no que atinxe a ter **acceso a internet e dispoñibilidade de ordenador**, así como a situación persoal e familiar, buscando a mellor alternativa posible para as carencias existentes.